

## ACTA Nº 10/2011

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 28 DE XULLO DE 2011.**

#### **ORDE DO DÍA**

- 1º.- Aprobación das actas das sesións anteriores.
- 2º.- Resolucións da Alcaldía.
- 3.- Toma de posesión da Concelleira Dna. Marta Freire Riobó.
- 4º.- Dación de contas de informes da Intervención municipal sobre estabilidade orzamentaria 2010 e cumprimento do Plan de Saneamento.
- 5º.- Proposta da Alcaldía sobre representantes municipais na Mesa Local de Comercio.
- 6º.- Rogos e preguntas.

Señores asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Ferverza Costas

Srs. Concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. Rosa Solla Veiga

D. José Freire Cancelas

Dna. María del Carmen Maya Santomé

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Martínez Nogueira

D. Diego Manuel Riobó Martínez

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 28 de xullo do 2011, sendo as 20:05 horas, reúnen os Señores sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. José Ferverza Costas, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar Pleno ordinario, anunciado para o día de hoxe.

#### **1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 08/11 correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 11 de xuño de 2011 e á acta nº 09/11 correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2011.

A Sra. Varela, Voceira do PP, sinala que na páxina 12 da acta a referencia que fai o Sr. Pastoriza a ela é como Voceira do PP que é, non do PSOE.

O Sr. Pastoriza pregunta se non sería conveniente someter a votación a acta nº 7 correspondente á sesión extraordinaria do 8 de xuño.

O Sr. Secretario responde que ao seu xuízo non se somete a votación, por canto que tal sesión plenaria unicamente tiña coma finalidade aprobar a última acta da Corporación anterior e corresponder ao anterior mandato corporativo.

Primeiramente se somete a votación a acta nº 08/11 correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 11 de xuño de 2011, quedando aprobada por quince votos a favor, oito dos Concelleiros do PP, seis de Concelleiros do BNG, e un do Concelleiro do PSG-PSOE, e unha abstención, do Sr. Riobó, Concelleiro do BNG.

Finalmente se somete a votación a a acta nº 09/11 correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2011, quedando aprobada, ca precisión sinalada, por quince votos a favor, oito dos Concelleiros do PP, seis de Concelleiros do BNG, e un do Concelleiro do PSG-PSOE, e unha abstención, do Sr. Riobó, Concelleiro do BNG.

## **2º.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere preguntar sobre algunha das resolucións aprobadas dende a celebración do anterior pleno ordinario.

Non se suscitan intervencións.

## **3.- TOMA DE POSESIÓN DA CONCELEIRA DNA. MARTA FREIRE RIOBÓ.**

O Sr. Alcalde procede a dar lectura aos antecedentes que figuran no escrito de Secretaría relativos á toma de posesión da Concelleira:

### **“TOMA DE POSESIÓN DE DONA MARTA FREIRE RIOBÓ NO CARGO DE CONCELEIRA.**

Tendo constancia nesta Secretaría da credencial de Concelleira expedida pola Xunta Electoral Central con data 7 de xullo de 2011 a favor de Dona Marta Freire Riobó e de que foi formulada a declaración de bens patrimoniais así como das causas de posibles incompatibilidades e sobre actividades que poidan proporcionar ingresos económicos, aos efectos da súa inscrición no correspondente rexistro de intereses, tal como está previsto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, procede polo Sra. Dona Marta Freire Riobó prestar xuramento ou promesa do cargo de conformidade coa fórmula establecida no Real Decreto 707/1979, de 1 de abril.”

O Sr. Secretario procede a dar lectura á fórmula:

“Xura/promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Moaña con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia”.

A Sra. Freire responde: Si, prometo.

Unha vez prometido o cargo e considerando que se cumpriron os requisitos legalmente previstos para a adquisición da condición de Concelleira, o Pleno declara a Dona Marta Freire Riobó posesionada no cargo, e a súa adscrición ao grupo municipal do PSG-PSOE.

A Sra. Freire agradece ao seu partido por permitirlle chegar ata alí e o recibimento dispensado por PP e BNG.

A Sra. Varela, Voceira do PP, dalle a benvida a nova Concelleira e lle ofrece toda a colaboración.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, dalle a benvida e agarda que permaneza moito tempo na Corporación, o ofrece todo o apoio tanto nos momentos malos como en momentos agradables.

O Sr. Alcalde dalle a benvida e lle di que están á súa enteira disposición. Que entre todos poidamos sacar a Moaña da situación na que se atopa co esforzo de todos, momentos de arrimar o hombreiro..

#### **4º.- DACIÓN DE CONTAS DE INFORMES DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL SOBRE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA 2010 E CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO.**

O Sr. Alcalde da conta de que os informes obran no expediente.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSOG-PSOE, afirma que sería paradóxico ter que votar este punto. Como consta en acta 11/2009 de 23 de xullo, o Goberno Municipal sacou adiante o Plan de Saneamento Financeiro para poder acceder a un importante préstamo que aliviou a economía, non do Concello, que non é fácil, senón dos provedores que tiñan pendentes de cobrar moitas facturas. O paradóxico sería porque vostedes, entón, se abstiveron. Podería darse o caso de que os partidos que agoran están na oposición tivesen que aprobar de novo este punto. Afortunadamente, hoxe solo se trata de dar conta. A Interventora ven dicindo que, máis alá da importante cantidade de gastos deste Concello e dos escasos ingresos que recada ou recibe de diferentes Administracións, mal que ben, que aquel Plan, realista, foi en moitos casos mellorado cunha contención moi real dos gastos. Destacar tamén que se non hai ingresos se non hai ingresos non hai plan de pagos que facer. Aquel Goberno tivo que asumir o gran desgaste derivado da actualización da fonte máis importante de financiación local, a recadación por IBI.

Queda dada conta dos informes.

#### **5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NA MESA LOCAL DE COMERCIO.**

O Sr. Alcalde procede a dar lectura á proposta:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN REPRESENTANTES MUNICIPAIS NA MESA LOCAL DE COMERCIO**

A Consellería de Economía e Industria remite ao Concello requirimento para a constitución por parte do Concello, da mesa local de comercio.

O artigo 21º da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia establece que en cada concello existirá unha Mesa Local do Comercio, que actuará como órgano

colexiado de participación, coordinación, cooperación e colaboración entre a Administración local e os axentes representativos do sector comercial. Formarán parte da Mesa Local do Comercio unha persoa representante de cada unha das asociacións locais de persoas comerciantes e de persoas consumidoras existentes no respectivo concello e igual número de representantes da Administración local, así como unha persoa representante da Administración autonómica, esta última con carácter voluntario. Exercerá a secretaría a persoa designada para o efecto pola Administración local.

Consultado o rexistro de asociacións municipais onde figuran as seguintes asociacións de comerciantes actualmente operativas:

- Asociación de empresarios de Hostelería do Morrazo, ACIMO.
- Asociación de profesionais da praza de abastos.
- Asociación de vendedores ambulantes do Morrazo, ASBAN.

Consultado o rexistro de asociacións municipais onde figuran as seguintes asociacións de consumidores actualmente operativas:

- Asociación de mulleres de Moaña (Con funcións de defensa de consumidores e usuarios segundo os Estatutos).

Á vista do informe da Secretaría Municipal, de data 23 de marzo de 2011, sendo necesario proceder ao nomeamento de catro representantes municipais para equiparar o número de membros na Mesa das entidades asociativas de comerciantes e usuarios, pola presente se propón ao Pleno, previamente á constitución da Mesa, a adopción do seguinte **ACORDO**:

- Designar como representantes municipais na Mesa Local de Comercio ao Alcalde-Presidente coma Presidente da Mesa e coma Vocais a Dna. María del Carmen Maya Santomé, como Concelleira do ramo, a Dna. María Martínez Nogueira coma representante do Grupo Municipal do BNG, a D. Víctor Pastoriza Lino coma representante do Grupo Municipal do PSG-PSOE.
- Designar ao Secretario do Concello coma Secretario da Mesa.

Posteriormente se requirirá da Administración Autonómica o nomeamento, se o estiman oportuno, do seu representante. Requirirase tamén das distintas asociacións que conforman a Mesa que nomeen ao seu representante previa á constitución desta Mesa Local de Comercio como tal.”

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, sinala que, antes de entrar no punto, á vista da tramitación deste expediente ante o Pleno, sería conveniente, o Secretario debería advertilo, que antes de entrar no debate do asunto, non habendo comisión informativa e ditame, conviña ratificar a urxencia do asunto, a fin de evitar calquera reclamación posterior.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, pregunta se o Secretario cree que concorre causa de urxencia neste asunto.

O Sr. Secretario sinala que o requirimento da Xunta de Galicia pedindo a constitución da Mesa chegou hai meses. A maioría de concellos de Galicia, segundo informan de Santiago, xa

a constituíron. Dende Santiago apremiannos. Este asunto xa se trouxo ao anterior Pleno e quedou posposto.

O Sr. González, Concelleiro do PP, afirma que se o Voceiro do BNG tivese a amabilidade de sentarse máis adiante porque non o escoitamos

O Sr. Millán responde que ten que afinar un pouco máis o oído.

O Sr. Alcalde di que o Sr. Millán non ten o uso da palabra.

O Sr. Millán di que o Sr. González debería preparar mellor as intervencións. En catro anos o único que di vostede no Pleno é que os Cocenlleiros do Bloque falen máis alto. A ver se ten algo máis que dicir para poñer na acta.

A Sra. Varela, Voceira do PP, afirma que para ser bon orador convén falar con voz firme. Imos padecer sordera. Somos oito, non creo que sexa unha enfermidade conxunta. É unha falta de respecto que o Sr. Millán fale para o cuello da camisa. Temos o dereito de escoitalo.

O Sr. Millán responde que non fala para os Concelleiros do PP. Falo para o Secretario e o Alcalde. Sra. Varela, deixe de facer de señorita Rottenmeier e de chamarnos a atención pola nosa educación, estamos para chamarlle a vostede, non vostede a nós.

A Sra. Varela di que teñen dereito a escoitar as intervencións. Estamos aquí. Non somos fantasmas.

O Sr. Alcalde pide tranquilidade e somete a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, quedando aprobada por unanimidade dos presentes.

O Sr. Pastoriza sinala que o Secretario di que tivo unha aprobación en varios concellos, en calquera caso, non creo que este organismo dea moito de si. Forma que atopou a Xunta para implicar aos concello, a pesares da súa escasa competencia na materia. Damos como bo o reparto dos membros na Mesa, co Alcalde e un Concelleiro de cada Grupo.

A Sra. Maya, Concelleira Delegada de Promoción Económica, afirma que conviña rectificar o comentado polo Sr. Pastoriza. Hoxe mesmo tivemos unha reunión cos hosteleiros de Moaña, aínda que por outro motivo. Recalaron a falta de comunicación co Concello. Entendo que esta Mesa Local de Comercio pode dar os seus froitos. Os comercios, tanto grandes coma pequenos están a ter problemas, se están pechando comercios a diario. Se por lei se establece a obriga de reunirse alomenos unha vez ao ano, poden ser máis. Temos a posibilidade de facer algo na solución destes problemas. O escrito da Xunta é do 4 de febreiro. Cun pouquiño de retraso xa vamos.

O Sr. Alcalde sinala que o rexistro de asociacións está obsoleto. Haberá que poñelo ao día. O outro día nos atopamos con asociacións inscritas que xa non estaban de alta. Outras estaban tiñan mal a dirección. Pode haber algunha asociación que reclame, que quedase fora. Con algunhas foi imposible contactar, outras non tiñan os estatutos actualizados. É un paso importante. As reunións non teñen por qué ser unha vez ao ano. Que a Mesa poida server para atallar problemas nese ámbito.

O Sr. Pastoriza di que por alusións convén intervir. Toda a sorte á Concelleira nas súas xestións ca hostelería. Sería bo que a hostelería local tivese un único interlocutor. Pero non deben confundirse as funcións da Mesa de Comercio, non son as de colaboración co comercio na súa promoción. É un órgano con funcións de informar, ditaminar e pouco máis. Non é un foro de colaboración da que a Concelleira fala.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía sobre sobre designación de representantes municipais na Mesa Local de comercio, quedando aprobada por unanimidade dos Concelleiros presentes, cos seguintes acordos:

- Designar como representantes municipais na Mesa Local de Comercio ao Alcalde-Presidente coma Presidente da Mesa e coma Vocais a Dna. María del Carmen Maya Santomé, como Concelleira do ramo, a Dna. María Martínez Nogueira coma representante do Grupo Municipal do BNG, a D. Víctor Pastoriza Lino coma representante do Grupo Municipal do PSG-PSOE.
- Designar ao Secretario do Concello coma Secretario da Mesa.

## **6º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún dos Concelleiros quere facer algún rogo e pregunta.

O Sr. Millán di que quere facer un rogo e unha pregunta. O rogo é que se poña a disposición dos Grupos Políticos o expediente de contratación do que denominan Festival Intercéltico do Morrazo. Polo que o Alcalde di na prensa, custou entre trinta e corenta mil euros. Así a primeira vista semella un tanto excesivo para contratar, con todos os respectos, a un grupo folclórico, a unha cantante e so seu grupo por moi importante que sexa, a outro menos coñecido e as megafonías correspondentes. Que se poña a disposición o expediente cos informes de Secretaría e Intervención, o programa de actividades que se contrataron e o custo de cada unha das actividades.

O Sr. Alcalde di que non sabe o que o Sr. Millán pode ter contra o Festival Intercéltico de Moaña. Non sei que terá en contra da cultura en Moaña. Seguiuuse o mesmo procedemento de outros anos. A diferenza está no custo. Antes valía cento cincuenta mil euros, cen mil ou noventa mil, e este ano, aprisa e correndo porque cando chegamos, Daniel Rodas dixo que non había programa. Houbo que facer unha programación cultural, un grande traballo, o Goberno e o técnico cultural. Apostamos polo Festival Intercéltico. Contestaráselle por escrito ás cuestións que pregunte.

O Sr. Millán pide o uso da palabra e di que aínda non rematou

O Sr. Fervenza responde que non ten o uso da palabra. Pregunta se hai algún rogo máis. As súas preguntas se responderán por escrito.

O Sr. Millán afirma que ten unha pregunta.

O Sr. Fervenza afirma que se levanta a sesión. A pregunta se responderá por escrito.

O Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do expresado día. Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

**Vº PRACE**  
**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**